

**REGULAMENTO
DE
XUÍCES, OFICIAIS E ÁRBITROS DE
REGATAS A VELA
2017-2020**



FEDERACIÓN GALEGA DE VELA

REVISADO: DECEMBRO 2016

Limiar

1 - Competencias

2 - Especialidades

3 - Denominación

4 - Situación

5 - Requisitos para acceder a titulación de Xuíz

6 - Instrutores

7 - Titor

8 - Nomeamentos e renovacións

9 - Dereitos e Obrigas

10 - Perdida da condición de Xuíz

11 - Tarifas



No presente regulamento a palabra “Xuíz” usada como substantivo, aplicarase indistintamente a xuíces, oficiais e árbitros agás cando se faga referencia á categoría do Xuíz en sentido estrito; esta mención será seguida da expresión “de regata”, “de funboard” ou de “kiteboarding” segundo proceda.

1 – COMPETENCIAS

Son competencia do Comité de Xuíces da Federación Galega de vela:

Establecer os niveis de formación dos xuíces da F.G.V.

- a) Clasificar tecnicamente os Xuíces, Árbitros ou Oficiais e Medidores.
- b) Propoñer os candidatos a Xuíz, Árbitro ou Oficiais Nacionais.
- c) Coordinar a formación coa Real Federación Española de Vela e demais organismos competentes.
- d) Expedir e renovar os títulos dos xuíces da F.G.V.
- e) Designar os colexiados nas competicións de ámbito territorial galego.
- f) Competencia para formación e nomeamento dos seus propios xuíces.
- g) Exercer a potestade disciplinaria.
- h) A formación e a reciclaxe dos xuíces da F.G.V.

2 - ESPECIALIDADES

2.1 Establécense as seguintes especialidades.

2.1.1 OFICIAL DE REGATAS. O xuíz responsable da admisión de inscricións, dirección das probas na auga e xestión de resultados, así como, en xeral, de dirixir as regatas en todo aquilo que non estea reservado aos Árbitros e Xuíces.

2.1.2 XUÍZ DE REGATAS. O xuíz responsable da resolución das protestas.

2.1.3 ARBITRO. O Xuíz responsable da resolución de protestas na auga nas probas en que hai arbitraje ou xuízo directo na auga.

2.1.4 XUÍZ DE FUNBOARD. O Xuíz responsable en regatas de Funboard.

2.1.5 XUÍZ DE KITESURF. O xuíz responsable en regatas de Kitesurf.

2.2 No presente regulamento a palabra "Xuíz", usada como substantivo, se aplica indistintamente a xuíces, oficiais e árbitros agás cando se faga referencia á categoría de Xuíz en sentido estrito, esta mención será seguida da expresión "de regata", "de funboard", ou de "Kitesurf" segundo proceda.

3 - DENOMINACIÓN

3.1 A denominación das distintas categorías será a seguinte:

- OFICIAL DE REGATA da Federación Galega de vela.
- XUÍZ da Federación Galega de vela.
- ARBITRO da Federación Galega de vela.
- XUÍZ DE FUNBOARD da Federación Galega de vela.
- XUÍZ DE KITEBOARDING da Federación Galega de vela.

4 - SITUACIÓN

Os xuíces poden estar na situación de Activos ou de NON Activos. Só os xuíces Activos poden realizar as funcións propias dos xuíces.

a) ACTIVO

Os xuíces atópanse en situación de ACTIVO durante o período de catro anos a partir do seu nomeamento. Para estes efectos considérase como data de nomeamento o día primeiro de xaneiro seguinte ao da data do seu nomeamento.

b) NON ACTIVO

Atópanse a situación de xuíces NON ACTIVOS, os xuíces o nomeamento dos cales non fose renovado polo Comité de Xuíces da F.G.V. Así mesmo pasan á situación de No Activos, os xuíces que fosen suspendidos conforme á regra 10.1

5 - REQUISITOS PARA ACCEDER Á TITULACIÓN DE XUÍZ

5.1 Os novos candidatos a calquera das especialidades e categorías, deberán:

- Ter a maioría de idade.
- Ser capaz de permanecer navegando en pequenas embarcacións rápidas a motor
- Asistir a un Seminario de formación convocado polo Comité de Xuíces da F.G.V.
- Aprobar un test escrito
- Completar polo menos tres regatas como Xuíz en Prácticas, (segundo a especialidade), na organización das cales participe a F.G.V. Co informe favorable do Oficial Principal da Regata.
- Deberá solicitar a súa práctica con antelación á regata, comunicando por escrito a súa intención de face-la practica a o Comité de Xuíces comitejueces@fgvela.com se lle asignará un Titor (Regra 7 do Regulamento de Oficiais, Xuíces, Árbitros e Medidores).
- Para realizar a practica se deberá estar en posesión da licenza federativa de Xuíz en Prácticas (ou deportista) do ano en curso.
- Completar polo menos unha regata na organización da cal participe a F.G.V. na que actúe como Oficial Principal de Regatas.

Os aspirantes a Xuíces que non realizaran ningunha práctica despois de dous anos de aprobar o test obrigatorio, Terán que volver a repetir o test (Punto 5.1 a partir do apartado d).

6 - INSTRUTORES

6.1 Tanto a formación de base como os cursos ou seminarios para o cambio de categoría serán impartidos por Instrutores habilitados para iso. Os instrutores deberán posuír excelentes coñecementos e acreditada experiencia.

6.2 O Comité de Xuíces da F.G.V. nomeará os Instrutores encargados de impartir os distintos seminarios de formación ou habilitación en calquera especialidade.



7 - TITOR

7.1 Será o responsable do seguimento e avaliación da Práctica dos aspirantes a Xuíces.

7.2 O Comité de Xuíces da FGV recoñece como Titor a os Xuíces Nacionais habilitados pola R.F.E.V.

7.3 Obrigas do Titor: O titor estará obrigado a cubrir o parte de practicas, face-lo seguimento e a avaliación do aspirante a Xuíz en practicas no transcurso da regata. E remitilo nun prazo máximo de 15 días ó comité de Xuíces.

8 - NOMEAMENTOS E RENOVACIÓNS

8.1 Os nomeamentos producen efectos inmediatamente.

8.2 As renovacións efectuaranse por períodos de catro anos coincidindo coa celebración da Olimpíada de verán, agás que a partir dos setenta anos de idade, as renovacións se farán por períodos de dous anos. As renovacións só se farán por solicitude do xuíz.

8.3 Para ser renovados, os xuíces deberán acreditar: Actuar nun mínimo de seis regatas do Calendario Oficial da F.G.V., das cales polo menos tres o foran nos dous últimos anos.

8.4 As renovacións como Oficiais de Regata, Xuíces ou Árbitros da R.F.E.V. levan consigo a renovación como xuíz da F.G.V., agás se lle suspenda ou retire a condición de Activo en aplicación do previsto na regra 10.1 deste regulamento.

8.5 Os xuíces No Activos poderán pasar á situación de xuíces Activos asistindo a un seminario de formación de reciclaxe organizada polo Comité de Xuíces da F.G.V. ou da R.F.E.V.



9 - DEREITOS E OBRIGAS

9.1 Os xuíces activos terán dereito a:

- a) Percibir as tarifas fixadas polo exercicio da súa actividade. Así como os gastos de desprazamento, manutención e aloxamento en caso de que os houbera. No caso de irregularidade deberá poñelo en coñecemento de este comité dentro do ano en curso.
- b) Ser provisto do Regulamento de Regatas a Vela e demais documentación relacionada coa súa especialidade publicada pola F.G.V. ou R.F.E.V., no momento de validar a súa titulación.

9.2 Os xuíces activos están obrigados a:

- a) Cumprir os regulamentos e acatar as instrucións emanadas do Comité de Xuíces da F.G.V., así como dos órganos directivos da F.G.V.
- b) Acudir ás regatas para as que sexan designados, mostrando o temperamento e Conduta que se espera dun xuíz da F.G.V.
- c) Colaborar no desenvolvemento da correspondente especialidade, así como cos obxectivos deportivos da F.G.V.
- d) Estar en posesión da licenza federativa anual.
- e) Enviar os informes da regata, tal e como se indica no regulamento de competicións.

9.3 Os Xuíces en prácticas terán dereito a cobrar os desprazamentos aloxamento e manutención. En caso de que a regata sexa dunha duración superior a tres días terán dereito a percibir a metade da tarifa fixada para os Xuíces titulados en activo durante toda a regata.

10 - PERDIDA DA CONDICIÓN DE XUÍZ

10.1 O Comité de Xuíces da F.G.V. poderá suspender ou declarar a perda da condición de xuíz en Activo polas seguintes causas.

- a) Erros de actuación manifestos e reiterados.



- b) Non cumprir co Regulamento de Regatas a Vela e demais regras regulamentarias de aplicación.
- c) Actuar de forma arbitraria, sempre que se produza prexuízo para algún participante ou para a F.G.V.
- d) Non observar a conduta que espera dun xuíz da F.G.V.
- e) Desenvolver a súa actividade sen obter a licenza federativa.
- f) Non acudir ás convocatorias sen causa xustificada.
- g) Incumprir coa entrega dos informes de regatas na F.G.V.

10.2 O Comité de Xuíces da F.G.V poderán suspender ou declarar a perda da condición de xuíz por incumprimento grave ou reiterado das súas obrigas, logo de incoación de oportuno expediente contradictorio en que se dará audiencia ao interesado.

11 - TARIFAS

Son as contempladas no Regulamento de Competición da Federación Galega de Vela do ano en curso.

